



Retos da sinodalidade

Manuel Regal Ledo¹



Resulta evidente que, se a condición sinodal está sendo obxecto dun Sínodo en toda a Igrexa Católica, esa tal condición sinodal ten o vigor de nos situar ante retos importantes, imprescindibles. Se, segundo afirmou o papa Francisco, «o camiño da sinodalidade é o camiño que Deus espera da Igrexa do terceiro milenio»², iso mesmo indica que estamos ante unha realidade de calado na que deberemos afondar e intensificar ata convertela nun eixo nodoso sobre o que a Igrexa poderá moverse e avanzar na súa misión específica de contribuír a que a xente, o mundo, teña vida, e que a teña en abundancia (cfr. Xn 10, 10b). E isto non se fai sen lle dar cara aos retos que inevitablemente nos poñerá enriba da mesa eclesial.

Sobre algúns destes retos queremos reflexionar neste noso escrito, sobre cinco en concreto. Acompañarémolos, para empezar, dunha introdución que nos parece necesaria para discernir a natureza do momento eclesial presente, e tamén, polo tanto, para acentuar a urxencia de lle plantar cara a eses retos. Queremos tamén traballar, reflexionar, escribir en modo sinodal, é dicir, procurando escoitar a través do silencio, da oración, da lectura,

1 Manuel Regal Ledo é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada*. É delegado diocesano de Pastoral Rural na diocese de Mondoñedo-Ferrol.

2 Discurso do Santo Padre Francisco do 17 de outubro do 2015 na Aula Paulo VI, conmemorando o 50 aniversario da institución do Sínodo dos Bispos por parte do daquela papa Paulo VI. Este discurso, breve, tan só catro páxinas, contén xa os alicerces do que pouco a pouco foi collendo corpo baixo o nome de sinodalidade, e que a Comisión Teolóxica Internacional desenvolveu nunha longa proposta: A sinodalidade na vida e na misión da Igrexa, publicada con autorización do papa, firmada o 2 de marzo de 2018.